

ELABORACIÓN DE LADRILLOS E BALDOSAS

Para facer ladrillos e baldosas enchíanse os marcos correspondentes co barro previamente amasado e tendíanse a secar na eira. Para separalos do marco o tendedor usaba unha lesna ou agulla. Os ladrillos macizos facíanse con barro de peor calidade ou aproveitando restos e tellas que se estropeaban. Presionábanse co plantillón cando estaban abelanados (medio secos), para compactalos. Nos últimos anos facíanse os ladrillos coas máquinas galleteiras.

TIPOS DE LADRILLOS QUE SE FACÍAN NAS TELLEIRAS:

Ladrillos macizos:

- Chamote ou recto: é o modelo máis antigo e sinxelo. De 25 a 30 cm de longo, 15 a 18 cm de ancho e 3 cm de grosor.
- De volta: usábase para facer fornos e chemineas.
- De duela, arco ou cuña: usábase para facer arcos.

Ladrillos con buratos:

- Nove ou borgoña: con tres buratos (6 a 7 cm de grosor).
- Servís ou rasilla, con tres buratos e máis fino (3 cm de grosor).
- Ladrillos de piorno: pezas máis longas e grosas con riscos ou buratos en cuña de distintas formas e tamaños.



Pared con ladrillos marcados.

TODAS AS PEZAS SON DIFERENTES

Cando se traballaba á man as pezas quedaban marcadas poloas mans e os dedos de cada telleiro, que chegaba a recoñecelas, pero á vez eran todas diferentes entre si. Ás veces marcábanse para identificar a procedencia, a tanda ou o oficial que a fixera. Nas tellas cos dedos ou a man ao bruñilas ou tendelas e nos ladrillos facíanse letras, marcas ou anagramas co pateador.



Dous tipos de ladrillos de piorno.



Baldosa con iniciais



Cheminea da telleira de Dena: ladrillos de cuña.

